


.....FESTAS
SADA 22
PROGRAMACIÓN



Programación FESTAS SADA 22

VENRES 12

DÍA DA XUVENTUDE

HOLI FEST. A partir das 20 h ven a recoller o material e as túas gafas para a festa de cores. Lembra traer roupa branca!!

20:30 h - Dará comezo a **FESTA HOLI** na que a mocidade disfrutará dun estallido de cores repletos de música, baile e animación.

22:00 h - CONCERTO DE ALE ROSENDE

Un xove cantante e compositor sadense que dende temprana idade e despois de sufrir unha grave lesión, comeza a facer realidade o seu soño no mundo musical, con cancións como “Dile Que Volví”, “DeDía” o “Corazón Partido”. As súas gañas de deixar pegada neste mundo cada vez se fan mais grandes.

23:00 h - Sesión Dj a cargo de **AYMAN PROSOUND**

Poderemos desfrutar da mellor música ata a noite e faremos do día da xuventude un día inolvidable.



NOITE DE ESTRELAS OBSERVACIÓN DAS PERSEIDAS.

MEMORIAL A JUAN CARLOS MEDAL “JAÍTOS”

Paseo Marítimo, fronte á Casa da Cultura Pintor Lloréns.

22:30 h - Estíbaliz Espinosa, astrónoma, poeta, escritora e cantante, será a encargada de iniciar a actividade cun Faladoiro Astronomía e Literatura: **«Deberían ter traído unha poeta»**

23:00 h - **Descubrir o ceo nocturno.** A Asociación instalará algúns telescopios para facilitarnos o visionado das Perseidas e dalgún planeta que se deixe observar. Para iso, Borja Tosa, falaranos de conceptos básicos do ceo astronómico dunha maneira amena, para saber todo o necesario das Perseidas e todos os trucos para poder gozar desta choiva de estrelas.

23:30 h - **Observación astronómica e a “Caza das Perseidas”**, acompañado cun chocolate quente para o público participante.

Agradecementos: colectivo “Amigos de Jaítos”.



SABADO 13

12:30 h - **Maxia en Sada** (lateral da Casa da Cultura Pintor Lloréns)

Galicia Ilusiona, o Festival Internacional de Ilusionismo, con máis de 220 actuacións en toda Galicia, fará unha parada en Sada co Mago Paco, un dos magos favoritos dos máis pequenos, é especialista en maxia infantil, contando sempre coa participación do público para os seus grandes xogos máxicos.

10:00 h - **Maratón Fútbol Praia infantil** (Praia das Delicias)

Actividade previa inscrición

19:00 h - **Torneo de Verán Cidade de Sada**

(Campo de Fútbol Municipal Andrés Pena)

Organizado polo Sada Club Fútbol e Club Fútbol Carnoedo.

22:30 h - **Concerto gREAT sTRAITS** (Xardíns do paseo)



¿Quen non escoitou algunha vez Sultans of swing, Romeo and Juliet, Brothers in arms?

"The great songs of DIRE sTRAITS"

é un tremendo espectáculo musical desta coñecida banda, no que renden homenaxe ao éxito incontestable da carreira musical de DIRE sTRAITS.

DOMINGO 14

17:00 h - **Tarde infantil** (Xardíns do Paseo)

Tarde para os máis peques con obradoiros e xogos xigantes.

Actividades lúdicas, música e diversión para logo rematar coa festa da espuma.

21:30 h - **Concerto: MITIC "O Espectáculo"**

(Xardíns do paseo)

O primeiro espectáculo musical encabezado por unha gaita, que rompe a etiqueta de "tradicional" para converterse no violín de Candilejas, na guitarra de Brian May ou na voz de Frank Sinatra co seu inesquecible My way.

Un paseo de 120 minutos polo pasado e o presente para todos os públicos.



11:00 h - Alboradas polas rúas de Sada a cargo da agrupación “Nova Troula”.

12:30 h - Misa cantada na Igrexa Nova a cargo da “Coral Polifónica San Martiño de Meirás”.



19:00 h - **Pregón das Festas**

(Praza de San Roque)

Francisco (Paco) Rodríguez Caramazana.

Médico de familia que adicou a súa carreira, máis de 25 anos, a defender á sanidade pública.

19:00 h - **FESTIVAL DE MÚSICA CORAL**

(Praza de San Roque)

Despois de dous anos sen poder amenizar as festas, este ano temos de novo con nós o concerto das nosas corais:

Coral A Lembranza.

Coral Polifónica San Martiño de Meirás.

Coro Galego de Veigue.



22:30 h - **Concerto: “LOS ENEMIGOS”** (Xardíns do paseo)



LOS ENEMIGOS son unha das bandas máis importantes do rock español. Un rock con altas doses de humor salvaxe e racional marcado pola personalidade de Josele Santiago, unha das grandes figuras da escena musical actual.



O grupo, formado por Josele Santiago, Fino Oyonarte, Chema 'Animal' Pérez e David Krahe son responsables dalgunhas das cancións máis influíntes da música popular contemporánea.

MARTES 16


11:00 h - Alboradas polas rúas de Sada a cargo da agrupación “Coro Galego Santa Comba de Veigue”.



12:30 h - Misa cantada na Igrexa Nova Misa cantada a cargo do Coro Municipal Agra das Arcas e procesión co acompañamento da Banda Municipal de Música de Sada.

18:00 h - Alboradas polas rúas de Sada a cargo de **LATEXO PERCUSIÓN**

Ritmos magnéticos que buscan a éxtase, explosión de ritmo e enerxía, mestura de danza e arranxos musicais baseados na tradición dos blocos afro de Salvador de Bahía.



20:30 h - **Concerto:**
BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
(Praza de San Roque)

Como xa é tradición, a nosa Banda Municipal ao completo tocará pezas de música folclórica galega, acompañados nesta ocasión polas pandereteiras As Avelaiñas Santa María do Temple, e Ismael García del Río, profesor de gaita da A.M.D.T. Queiroa, e da man do director Miguel Brea.



23:00 h - **Verbena: PARÍS DE NOIA**
(Praza Irmáns Suárez Picallo)

Unhas das tres mellores orquestras de Galicia neste momento. Fundada no ano 1957 por Joaquín García Piñeiro (O Acordeonista), o mítico cantante Constantino Pego e outros 10 compoñentes máis.



11:00 h - Alboradas polas rúas de Sada a cargo de “A.M.D.T. Queiroa”.

12:30 h - Misa cantada na Igrexa Nova Misa cantada a cargo da Coral A Lembranza



20:00 h - **Concerto: LA TROVA CORUÑESA. “Sabor a min”**
(Casa da Cultura Pintor Llorens)

O grupo coruñés, nado en 2009 da Asociación Cultural La Trova, conta con 14 membros entre voces e músicos, que nos farán viaxar por estilos musicales distintos, como o bolero, a chachachá, as guarachas, a salsa, o jazz e o son cubano.



22:00 h - **Concerto: DE VACAS. Tour Vacanal 2022** (Xardíns do paseo)

Son catro vacas. Catro vacas que rin e cantan. Presentan un espectáculo fresco como a auga dos arroios.

Gozan encima do escenario para que vós gocedes.

Mestura de voces e guitarra, harmonías que estimulan os sentidos.



23:30 h - **Concerto: CARLOS BAU & 80 Razóns**
(Xardíns do paseo)



As cancións que marcaron toda unha xeración e un espectáculo para todos os públicos, resumido nunha frase: Non ves a un concerto, ves a unha festa”



Ofrécenos un repertorio para todos os gustos, xunto ao seu grupo «80 Razóns», no que figuran cancións dos Secretos, Nacha Pop, Luz Casal, Hombres G, La Guardia, Loquillo y Trogloditas, Alaska, Radio Futura, Sabina...

11:00 h - Alboradas polas rúas de Sada a cargo da agrupación “A.C.D. A Meda do Castro”.



18:30 h - LXI SARDIÑADA AGOSTO

(Area recreativa O Curruncho)

Tradicional sardiñada popular.
Animación musical da agrupación folclórica “Nova Troula”



21:00 h - ESPECTÁCULO
ÓPERA BREAK'S Vella Escola
(Praza detrás da Terraza)



Espectáculo que mestura Ópera, Breakdance, Beatbox e Dj nunha única función de gran calidade artística que brota da conexión da soprano Esperanza Mara e os artistas urbanos do colectivo Vella Escola.

A través da expresión musical e corporal rompemos as barreiras do clásico e do urbano, fusionándose nun espectáculo multidisciplinar onde o inimaxinable pode suceder...
¿Atréveste a liberar a túa mente de preconceitos?

23:00 h - **Verbena: ORQUESTA**
(Praza Irmáns Suárez Picallo)



00:00 h - FOGOS DE ARTIFICIO

Espectáculo pirotécnico nocturno para despedir as festas



CINE DE VERÁN (Praza de San Roque)

VENRES 19 - 22:00 h

“ARRIEROS SOMOS” / “OUTROS CAMIÑOS”



SÁBADO 20

22:00 h

**“CROODS 2.
Unha nova era”**



DOMINGO 21

22:00 h

**“PADRE NO HAY
MÁS QUE UNO.
La llegada de la suegra”**



LUNS 22

22:00 h

“VALENTINA”



Dende as 11:00 h - SÁBADO 20 - XOGOS CURRUNCHEIROS
(Area recreativa O Currunchu)



¡OS CURRUNCHEIROS ESTÁN DE VOLTA!

Celebración dun encontro entre peñas sadenses, no que, ademáis de compartir un picnic, organizaranse diversos xogos nos que as peñas porán a proba o seu enxeño e habilidade.

Actividade previa inscrición.



SABADO 20 / DOMINGO 21

SADA COMERCIO (Praza detrás da Terraza)

Feira de comercio e oportunidades

O paseo marítimo de Sada acolle o sábado 20 e o domingo 21 de agosto unha nova edición de Sada Comercio, unha feira de oportunidades que se consolida como unha das máis importantes onde atopar dende artigos de moda, calzado e complementos até artesanía e xoguetes do comercio local.



Haberá sorteos de diferentes premios entre os asistentes.

Achégate a visitarnos!

FESTAS
SADA22

Exposición Memoria de Sada

A Terraza



NO PATIO DE A TERRAZA

Esta foto está feita no patio da Terraza e ao fondo vese o mar.
É un grupo de amigos onde reconécese a esquerda e diante a Emma Franco, seguíelle Carmen Posse, Neves Chas e as irmas Bríngas e o resto sen identificar.



POSANDO NO PATIO DA TERRAZA

Apoiados na varanda (que xa non existe na actualidade) da parte de atrás de A Terraza.
De pc. de esquerda a dereita: Neves Castro Mellán, Mariña Ares (sen identificar),
Olivia Castro Mellán, Luisa Ares e Arnella Vazquez Varela.
Sentados no chan (sen identificar) e Juan Brandartiz Eiroa.

O Tranvía




SUBINDO Ó TRANVÍA

Xente subindo o tranvía. Pode ser a parada de Osceño
xa que había un cruzamento.



A TERRAZA NO PASADO

Nesta foto vese como era A Terraza hai moitos anos.
Hai que fixarse no peche que a rodeaba e que hoxe desapareceu
e no seu lugar ten un peche de cemento.



INAUGURACIÓN DA LIÑA DO TRANVÍA

O día 31 de Decembro de 1922 tina lugar a inauguración da liña do tranvía
que cubría a distancia entre A Coruña e Sada.

As festas



SADA ENGLANADA

Xa nos anos 20 engalanábanse as avenidas e prazas
Progreso, o Pedregal e Praza de San Roque (que vemos nesta foto)
con gallardetes e bandeirolas para celebrar as festas de Agosto.
Lucindo durante a noite unha extraordinaria iluminación eléctrica.
Colocabanse dous pelcos para as bandas de música,
un na Praza de San Roque e outro na Alameda do Progreso.

TEXTOS E FOTOGRAFÍAS DE
MEMORIA DE SADA:
<https://memoriadesada.com>



Exposición Memoria de Sada

Os oficios



O CARTEIRO

"D. Aelino el cartero", foi o carteiro máis famoso que tivo Sada

O deporte



PARADÓN DE CARABEL

O Sportig Sada tivo sempre moi bos porteiros. Un deles foi Juan Rodríguez Carabel.

Os vehículos



A AVIONETA

O 17 de agosto de 1929 aterrou na praia de Sada unha avioneta, pilotada pola aviadora madrileña María Bernardo de Quiros. Víña acompañada do seu instructor Comandante Lecón. María foi a primeira muller española que se puxo aos mandos dun avión.



O COCHE DE CABALOS

A inicios do século XX, en Sada había un coche de catro rodas, tirado por cinco cabalos, propiedade de Don Manuel Agra, que facía a viaxe Sada-Coruña.



FONTÁN ANTES DEL MURO


Nesta época, cando o barrio de Fontán estaba exposto aos embates do mar e ao bordo do precipicio, como pode observarse na foto, o temporal do ano 1925 ocasionou diversos desprendementos.



VISTA AEREA SADA

Vista de Sada na década de 1910. Como se pode ver non está aínda a Terraza, só a estrada e chegaba o mar a ela, salpicando aos transeúntes cando o mar estaba picado.

.....FESTAS
SADA 22
PROGRAMACIÓN



PARA MÁIS INFORMACIÓN:

<https://www.sada.gal/>

<https://www.facebook.com/concellosada/>